

1.3. Agregados da demanda

UN ANO MÁIS, A ELEVADA MEDRA DA ECONOMÍA GALEGA EN 2007 ESTIVO LIDERADA POLA DEMANDA interna, cunha achega ao crecemento agregado do PIB real de 5,3 puntos, a máis importante dende o ano 1999. O cadro macroeconómico reflicte que todos os seus compoñentes experimentaron unha medra respecto ao ano anterior, salientando novamente o dinamismo investidor, xa que a Formación Bruta de Capital creceu un 5,8% respecto ao ano precedente. O gasto en consumo fíxoo nun 4%, sendo o compoñente que máis aumenta o do gasto das Administracións públicas, co 4,1%.

Pola contra, a demanda externa empeora o seu comportamento no senso en que detrae un punto e tres décimas ao crecemento económico en 2006 (sete décimas máis que no ano anterior). Esta evolución veu motivada polo maior dinamismo das importacións, que medraron un 6,5%, respecto ás exportacións, que o fixeron nun 6%.

Demanda interna

A contribución da demanda interna ao crecemento económico galego situouse no ano 2007 no nivel máis alto dos últimos oito anos, por mor da medra tanto do gasto en consumo final coma do investimento. O **cadro 1.3.1.** amosa que o gasto en consumo final medrou ao longo do último ano un 4%, medio punto máis que no ano anterior, sendo este incremento do 4% no caso do gasto dos fogares e do 4,1% no das Administracións públicas. O investimento volve a presentar ao longo de todo o ano unhas taxas de crecemento superiores ás do gasto en consumo final, acadando un crecemento medio do 5,8%.

• Consumo

A pesar do maior dinamismo do consumo final das familias galegas, 2007 presenta unha ralentización da súa renda familiar bruta dispoñible (RFBD), cunha medra do 6,3%, máis dun punto por baixo da experimentada no ano precedente. No conxunto do Estado prodúcese tamén unha desaceleración no seu crecemento, acadando unha taxa do 6,7%, fronte ao 7,3% do ano anterior.

PIB trimestral 2006-07: taxas de variación interanuais dos principais agregados da demanda

	2006	2007	2006				2007			
			Trim. I	Trim. II	Trim. III	Trim. IV	Trim. I	Trim. II	Trim. III	Trim. IV
			(%)							
Gasto en consumo final	3,5	4,0	3,3	2,9	3,8	4,1	4,2	4,4	4,1	3,6
gasto dos fogares	3,4	4,0	3,2	2,9	3,6	4,0	4,0	4,3	4,1	3,8
gasto das AA.PP.	3,9	4,1	3,4	2,9	4,5	4,6	4,8	4,6	3,9	3,0
Formación bruta de capital	5,3	5,8	5,3	4,8	4,2	7,1	7,0	5,4	6,5	4,5
Demanda interna (1)	4,7	5,3	4,5	4,0	4,5	5,7	5,8	5,4	5,5	4,5
Exportacións de bens e servizos	7,3	6,0	9,8	8,9	4,6	6,2	7,9	5,3	6,8	4,1
Importacións de bens e servizos	6,7	6,5	6,2	6,8	7,1	6,9	8,9	6,6	5,8	4,7
PIB a prezos de mercado	4,1	4,0	4,0	4,0	4,0	4,3	4,2	4,2	4,1	3,8

(1) Achega ao crecemento do PIB pm (prezos constantes)

Fonte: IGE, Contabilidade trimestral

1.3.1.

Principais indicadores do consumo e do investimento en Galicia e España 2006-07

	Galicia		España	
	2006	2007	2006	2007
	(taxas de variación interanuais)			
Consumo				
Renda familiar bruta dispoñible (correntes)	7,5	6,3	7,3	6,7
Índice de vendas do comercio polo miúdo	5,8	4,9	5,0	4,8
Índice de vendas do comercio polo miúdo (p. constantes)	2,3	2,9	1,6	2,5
Produción de bens de consumo	11,9	1,5	2,1	1,8
Produción de bens de consumo duradeiro	18,1	2,3	10,6	5,4
Produción de bens de consumo non duradeiro	11,2	1,5	0,9	1,1
Importación de bens de consumo	18,9	11,4	10,0	8,6
Matriculación turismos e motocicletas	4,2	2,9	1,9	-0,6
Ocupación hoteleira	2,0	4,4	15,9	3,5
Gasto de Administracións Públicas	3,9	4,1	4,8	5,1
	(saldo medio das respostas)			
Expectativas do consumidor				
Indicador de confianza do consumidor (1)	-19,3	-18,9		
Indicador de sentimento (1)	-25,9	-25,7		
Capacidade futura de aforro (1)	-32,5	-35,3		
Oportunidades de facer grandes compras (1)	-51,5	-49,5		
Posibilidade actual de aforro (1)	-37,3	-38,5		
Perspectivas de evolución da situación económica	-19,1	-18,1		
Investimento				
	(taxas de variación interanuais)			
Formación bruta de capital	5,3	5,8	6,8	5,9
Produción de bens de equipo	11,2	9,2	2,3	6,3
Matriculacións de vehículos de carga (2)	-1,7	5,0	1,5	0,1
Importacións de bens de equipo	4,1	4,1	8,9	7,1
Licitación pública				
Licitación pública de todas Administracións	10,7	-7,0	18,9	-12,8
Licitación pública da Admon. Central	57,0	-21,8	33,8	6,6
Licitación pública Admons. Autonómicas	-18,3	16,3	30,4	-18,2
Licitación pública de Admon. Local	-25,1	6,0	-1,7	-26,5

(1) Presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

(2) Considéranse as matriculacións de camiós, furgonetas, autobuses e tractores industriais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, Seopan, ICEX, Funcas e Oficemen

1.3.2.

As vendas experimentaron, tanto en Galicia como en España, un crecemento por baixo do rexistrado en 2006. Segundo o índice de comercio polo miúdo (INE), estas medraron en Galicia un 4,9%, case un punto menos que no ano anterior, en tanto que no conxunto do Estado a taxa de crecemento foi do 4,8%, dúas décimas por baixo da rexistrada en 2006.

A matriculación de vehículos, indicador clave da evolución do gasto en consumo dos fogares, rexistrou en Galicia unha nova ralentización. O número de turismos e motocicletas matriculados en Galicia no último ano medrou un 2,9% respecto ás matriculacións de 2006 (4,2% en 2006), descendendo un 0,6% no conxunto do Estado (medrou un 1,9% no ano precedente).

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo e préstamos hipotecarios a máis de tres anos 2003-07

	Tipos de xuros referente a créditos para o consumo		Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos		
	Bancos <i>(datos no mes de decembro)</i>	Caixas de aforros	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
2003	9,25	8,29	3,63	3,79	3,71
2004	8,68	8,04	3,27	3,44	3,36
2005	8,75	7,91	3,18	3,37	3,28
2006	8,90	8,02	4,12	4,22	4,17
2007	9,01	8,48	5,20	5,28	5,24

Fonte: Banco de España

1.3.3.

O ano 2007 presentou unha forte ralentización da produción de bens de consumo en Galicia, cunha medra do 1,5%, máis de dez puntos por baixo da experimentada no ano anterior. Este freo foi moito máis acusado no caso da produción de bens de consumo duradeiro, onde a medra foi do 2,3%, case 16 puntos por baixo da taxa de crecemento de 2006. No conxunto do Estado, a produción total medrou un 1,8% (tres décimas menos que en 2006), como resultado dunha medra do 5,4% no caso dos bens de consumo duradeiro e do 1,1% no de bens de consumo non duradeiro.

No ano 2007 mantívose o nivel de pesimismo dos consumidores galegos. O indicador de confianza do consumidor (calculado a partir da información recollida sobre a situación económica futura do fogar e da C.A., capacidade futura de aforro e a evolución do número de parados) acadou no último ano un rexistro negativo de 18,9 puntos, tan só catro décimas mellor que no ano anterior. O **cadro 1.3.2.** amosa un lixeiro empeoramento da posibilidade actual de aforro e da capacidade futura de aforro, así como, dentro do contexto pesimista que reflicten os valores negativos, unha lixeira mellora dos indicadores sobre as oportunidades de facer grandes compras e sobre as perspectivas de evolución da situación económica.

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado, rexistrándose novamente unha suba dos tipos de xuro dos créditos ao consumo no caso dos bancos e das caixas de aforros. No mes de decembro de 2007 o tipo de xuro referente a créditos para o consumo situouse no 9,01% no caso dos bancos e do 8,48% no das caixas de aforros (**cadro 1.3.3.**).

O último indicador do consumo recollido no devandito **cadro 1.3.2.** é o que fai referencia ao gasto en consumo final das Administracións públicas. Este presentou en 2007 unha taxa de crecemento do 4,1%, dúas décimas por riba do rexistrado no ano anterior. Por contra, no conxunto do Estado a medra foi do 5,1%, tres décimas superior ao crecemento de 2006.

● **Investimento**

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a formación bruta de capital experimentou no último ano unha taxa de crecemento medio do 5,8%, medio punto superior á rexistrada en 2006. Este indicador acadou a súa taxa de crecemento máis elevada no primeiro trimestre do ano, cun 7%, acadando a medra máis baixa no derradeiro trimestre, cun 4,5%.

Polo que respecta ao investimento en bens de equipo, reflectido nos datos de produción industrial, 2007 volveu a rexistrar en Galicia unha medra superior á do conxunto do Estado. A taxa de crecemento media anual da produción de bens de equipo experimentou un crecemento do 9,2% (6,3% de media en España). Por contra, as importacións destes bens, que manteñen o seu crecemento no 4,2%, continúan medrando por baixo da media española. A diferenza do acontecido no último ano, as matriculacións de vehículos de carga medran en 2007 un 5% na comunidade galega.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.**
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Importacións e exportacións de Galicia 2006-07: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007
	(en millóns de €)				(%)			
Total (1)	39.621,1	44.465,6	32.032,7	35.723,3	-7.588,4	-8.742,3	80,8	80,3
Resto de CC.AA. (2)	23.981,7	27.890,1	17.421,1	19.723,7	-6.560,6	-8.166,3	72,6	70,7
UE e terceiros países	15.639,4	16.575,6	14.611,6	15.999,6	-1.027,8	-576,0	93,4	96,5
Europa	9.623,5	10.880,7	11.252,4	12.768,8	1.628,9	1.888,1	116,9	117,4
Unión Europea	8.373,3	9.335,8	10.292,9	12.060,3	1.919,6	2.724,5	122,9	129,2
Europa Oriental	561,4	768,5	600,9	359,3	39,5	-409,2	107,0	46,8
Países EFTA	356,4	447,9	65,7	79,1	-290,7	-368,8	18,4	17,7
Resto de Europa	332,5	328,5	292,9	270,1	-39,5	-58,4	88,1	82,2
África	1.781,9	1.697,1	676,8	738,6	-1.105,1	-958,5	38,0	43,5
América	2.873,2	2.412,0	1.851,3	1.714,3	-1.022,0	-697,7	64,4	71,1
América do Norte	753,3	298,6	1.027,7	749,2	274,4	450,6	136,4	250,9
Isias do Caribe	225,4	280,5	277,9	334,9	52,5	54,4	123,3	119,4
América Central	896,6	899,1	338,2	321,3	-558,4	-577,9	37,7	35,7
América do Sur	998,0	933,7	207,5	308,8	-790,5	-624,9	20,8	33,1
Asia	1.254,0	1.491,2	647,6	606,6	-606,4	-884,6	51,6	40,7
Oceanía	106,8	94,6	94,3	68,7	-12,5	-26,0	88,3	72,6
Outros	-	-	89,3	102,7	89,3	102,7		

(1) Valor total de exportacións e importacións recollidos no cadro macroeconómico de Galicia

(2) Calculado como a diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países

Fonte: JGE

1.3.4.

A licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou en Galicia, a diferenza do acontecido no ano anterior, unha caída do 7% respecto á licitación de 2006. Se se ten en conta a súa desagregación en Galicia segundo as diferentes administracións, este comportamento ven explicado pola evolución da licitación pública da Administración Central, que descende un 21,8% (no conxunto do Estado esta medra un 6,6%), xa que a licitación das administracións autonómica e local presentan unha medra do 16,3% e o 6%, respectivamente.

En canto ao investimento empresarial, no ano 2006 volve a reducirse a importancia relativa do inmaterial no investimento total. Asemade, cómpre salientar, **cadro 1.4.12.** [Actividade empresarial 2005-06: evolución do investimento e do financiamento], que o 29,6% do investimento se financia con recursos propios e o 70,4% restante, con recursos alleos, fundamentalmente recursos a curto prazo, que financian o 49,6% do investimento total.

Sector exterior

A achega negativa da demanda externa ao crecemento agregado do PIB aumentou no ano 2007 en máis de medio punto porcentual, acadando os -1,3 puntos porcentuais fronte aos -0,6 puntos do ano anterior. Este empeoramento da achega negativa do sector exterior veu motivada por un crecemento das importacións superior ao experimentado no caso das exportacións galegas.

En termos absolutos, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 35.723,3 millóns de euros (prezos correntes) e que as importacións ascenderon a 44.465,6 millóns de euros. Fronte ao descenso da taxa de cobertura ata o 70,7%, dous puntos por baixo da rexistrada en 2006, a evolución do PIB galego motivou que o grado de apertura da economía galega ascendera ata o 143,6% (137,4% no ano anterior).

O principal mercado dos nosos produtos o constitúe o resto das comunidades autónomas españolas, ao acoller o 62,7% das importacións e o 55,2% das exportacións galegas. O último ano caracterizouse ademais polo forte incremento do déficit comercial das relacións co resto das CC.AA. (case un 25% respecto ao ano anterior), que se situou nos 8.166,3 millóns de euros.

Importacións e exportacións de Galicia e España á UE e resto do mundo 2006-07

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06
	(en millóns de €)		(%)	(en millóns de €)		(%)	(en millóns de €)		
A Coruña	7.625,3	7.670,6	0,6	6.133,3	5.704,4	-7,0	-1.492,0	-1.966,3	-474,3
Lugo	642,2	764,2	19,0	394,8	463,3	17,4	-247,4	-300,9	-53,5
Ourense	302,6	392,8	29,8	548,5	590,8	7,7	246,0	198,0	-47,9
Pontevedra	7.069,3	7.747,9	9,6	7.535,0	9.241,1	22,6	465,7	1.493,2	1.027,5
Galicia	15.639,4	16.575,6	6,0	14.611,6	15.999,6	9,5	-1.027,8	-576,0	451,8
España	262.687,2	280.430,6	6,8	170.438,6	181.478,6	6,5	-92.248,6	-98.952,0	-6.703,4
G/E	6,0	5,9		8,6	8,8		1,1	0,6	

Fonte: ICEX

1.3.5.

No que ao comercio exterior con terceiros países se refire, cómpre salientar a maior concentración e especialización das relacións comerciais. Dunha banda, máis das tres cuartas partes das vendas galegas a terceiros países diríxense á Unión Europea e o 56,3% das compras proveñen desta zona xeográfica. Doutra, un só capítulo arancelario, o 87 (automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), representa o 21,8% a importacións e o 41,3% das exportacións á UE e ao resto do mundo (os dez primeiros capítulos de importación e exportación supoñen máis do 75% do valor total das mesmas).

• **Comercio exterior con terceiros países**

O ano 2007 presenta unha ralentización da actividade comercial tanto en Galicia como en España, sendo esta máis acusada na comunidade galega que no conxunto do Estado. A taxa de crecemento da suma das exportacións e importacións medrou en Galicia un 7,7% respecto ao ano anterior, máis de nove puntos por baixo do experimentado en 2006, sendo este incremento do 6,6% no conxunto de España (11,6% en 2006). Esta evolución prodúcese polo incremento do 9,5% no das exportacións (tres puntos porcentuais máis que a media estatal) e do 6% rexistrado no caso do valor total das importacións galegas (oito décimas por baixo da media española).

No último ano mantívose a redución significativa do déficit da balanza comercial galega, que se sitúa en -576,0 millóns de euros (fonte ICEX), cando en 2006 presentaba un saldo negativo de 1.027,8 millóns de euros. Ao igual que sucedía no ano 2006, o saldo comercial é positivo nas provincias de Ourense e, especialmente, Pontevedra, sendo negativo nas outras dúas provincias.

A diferenza do acontecido en 2006, a actividade comercial descendeu case un 3% na provincia de A Coruña, medrando entre un 15 e un 20% nas outras tres provincias. Pontevedra, cun incremento superior ao 16%, segue a ser a que presenta a maior actividade comercial, ao acoller o 52,2% comercio exterior galego, por diante de A Coruña, co 41,1%.

- Importacións

O valor total das compras galegas ascendeu no último ano a 16.576,6 millóns de euros (936,2 millóns máis que en 2006), o que representa o 5,9% das importacións españolas. Pontevedra, tras unha medra do 9,6% (678,6 millóns de euros), sitúase como a provincia co maior volume de importacións, lixeiramente por diante do valor acadado en A Coruña. En termos relativos, tanto unha coma a outra acollen máis do 46% do valor total das importacións galegas.

Agás no caso do sector enerxético, onde o valor das compras exteriores descendéron un 3%, os outros catro grandes sectores considerados –primario, semimanufactureiro, bens de equipamento e bens de consumo– experimentaron unha ralentización na medra do importe das compras realizadas no exterior. Novamente o maior incremento interanual rexistrouse no caso das semimanufacturas, cun 15,9%, e dentro deste, salienta o subsector dos metais, cunha medra do 21,7% respecto ao importe de 2006. Séguelle en impor-

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Exportacións e importacións galegas 2007: distribución sectorial

	Exportacións				Importacións			
	Importe <small>(en millóns de €)</small>	07/06	peso relativo <small>(%)</small>	Galicia/ España	Importe <small>(en millóns de €)</small>	07/06	peso relativo <small>(%)</small>	Galicia/ España
Energéticos	415,1	-4,2	2,6	4,9	2.633,9	-3,0	15,9	6,3
Non enerxéticos	15.584,4	9,9	97,4	9,0	13.941,6	7,9	84,1	5,8
Sector primario	2.707,2	10,2	16,9	8,5	3.128,1	4,9	18,9	8,4
Produtos agrícolas	1.951,4	11,2	12,2	7,6	2.268,8	2,4	13,7	9,1
Materias primas	755,8	7,8	4,7	11,8	859,3	11,9	5,2	7,1
Semimanufacturas	1.688,3	13,2	10,6	3,4	3.073,3	15,9	18,5	4,7
Industria química	615,6	4,8	3,8	2,3	1.071,7	5,8	6,5	3,0
Metais	706,1	27,8	4,4	3,9	1.858,6	21,7	11,2	7,3
Outras semimanufacturas	366,5	4,1	2,3	7,2	142,9	26,7	0,9	4,9
Manufacturas	11.188,9	9,4	69,9	12,3	7.740,2	6,2	46,7	5,7
Bens de equipamento	8.409,7	14,7	52,6	12,1	5.428,9	4,1	32,8	5,2
Maquinaria	1.007,3	20,2	6,3	3,7	1.069,2	13,8	6,5	1,9
Materiais de transporte	7.402,4	14,0	46,3	17,6	4.359,6	2,0	26,3	9,1
Bens de consumo	2.779,2	-4,2	17,4	12,9	2.311,4	11,4	13,9	6,9
Peletería	84,4	9,2	0,5	7,3	61,8	2,2	0,4	3,5
Téxtiles	2.179,4	3,9	13,6	27,9	1.831,7	9,9	11,1	13,7
Outros bens de consumo	515,5	-29,1	3,2	4,1	417,9	20,3	2,5	2,3
Total	15.999,4	9,5	100	8,8	16.575,5	6,0	100	5,9

Fonte: ICEX

1.3.6.

1.1.

tancia o sector de bens de consumo, cun incremento do 11,4%, e o de bens de equipamento, co 4,1% (13,8% o subsector da maquinaria).

1.2.

1.3.

Dado o peso do sector da automoción e, en menor medida, do capítulo de navegación marítima ou fluvial, cómpre destacar o sector de bens de equipamento, que representa case un terzo do valor das importacións galegas (o 26,3% das compras corresponden ao subsector dos materiais de transporte). Asemade, hai que mencionar ao sector primario, que acolle case o 19% das importacións galegas, e dentro deste, ao subsector de produtos agrícolas, co 13,7% do valor total das compras.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

En canto ao peso relativo no valor total das importacións españolas, destaca a importancia do subsector téxtil, que representan o 13,7% das importacións españolas deste sector, seguidas polas actividades englobadas dentro dos subsectores dos produtos agrícolas e de materiais de transporte, que supoñen o 9,1% das compras españolas.

2.2.

2.3.

Se a análise descende ao nivel de capítulo importador, **cadro 1.3.7.**, os tres primeiros capítulos importadores acollen o 46,9% do valor das importacións galegas. O capítulo 87 (automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), tras unha medra do 12,4% respecto ao ano anterior, segue a ser o principal capítulo importador representando o 21,8% das importacións galegas. Séguenlle en importancia os capítulos correspondentes a combustibles minerais e aceites minerais, os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais (capítulo 27), co 15,9%, e a peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados (03), co 9,2% do valor total das importacións.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

Como é habitual, as importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, **cadro 1.3.4.**, o 56,3% do valor total das compras procede da UE (9.335,8 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América do Sur, co 5,6% (933,7 millóns de euros), seguida de América central, co 5,4% (899,1 millóns de euros). O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é Francia, con 3.3001,9 millóns de euros, seguida de Portugal, con 2.086,6 millóns.

4.1.

4.2.

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da Unión Europea segundo capítulos, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 3.540,0 millóns de euros, o que representa o 37,8% das importacións procedentes desa área eco-

Importacións 2007: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia e Portugal

Nº Cap.	Denominación	Importe	Peso relativo	07/06	Unión Europea	Francia	Portugal
		(en millóns de €)	(%)		(en millóns de €)		
1 87	Automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	3.608,1	21,8	12,4	3.540,0	2.488,3	271,0
2 27	Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	2.633,9	15,9	-3,0	392,3	23,3	33,0
3 3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.528,9	9,2	-1,9	404,0	79,6	117,5
4 72	Fundición, ferro e aceiro	1.163,1	7,0	27,5	1.033,7	348,4	521,9
5 62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	909,8	5,5	21,6	159,7	3,9	115,4
6 89	Navegación marítima ou fluvial	747,2	4,5	-29,5	86,8	10,6	62,3
7 61	Prendas e complementos de vestir, de punto	546,2	3,3	2,0	251,3	2,7	188,2
8 85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	535,7	3,2	34,5	423,7	26,7	18,4
9 84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	533,6	3,2	-1,4	415,4	34,6	41,2
10 44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	431,0	2,6	12,1	262,5	11,3	143,2
Total dos principais capítulos		12.637,5	76,2	4,7	6.969,3	3.029,3	1.512,0
Resto		3.938,1	23,8	10,2	2.366,5	272,6	574,6
Total		16.575,6	100	6,0	9.335,8	3.301,9	2.086,6

Fonte: ICEX

1.3.7.

nómica e un 98,1% do valor total das correspondentes ao devandito capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ao capítulo 72 (Fundición, ferro e aceiro), cun importe de 1.033,7 millóns de euros, representando o 11,1% do total das importacións galegas que veñen dos países da UE e o 88,9% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

Tanto no caso de Francia como no de Portugal, ambos os dous capítulos son os máis importantes en termos absolutos. Con todo, mentres que en Francia representan case o 86% das compras nese país (máis de tres cuartas partes corresponden á automoción), en Portugal esta porcentaxe só é do 38%.

- Exportacións

Ao igual que no ano anterior, o crecemento das vendas galegas ao exterior foi superior ao rexistrado no conxunto do Estado. Tras unha medra do 9,5%, o importe total das exportacións a terceiros países ascendeu no último ano a 15.999,6 millóns de euros, o que representa o 8,8% das exportacións españolas (dúas décimas máis que en 2006).

No último ano medrou o peso relativo das exportacións pontevedresas no conxunto da economía galega. Tras un incremento superior ao 22% respecto ao ano 2006, Pontevedra segue a ser a provincia co maior volume de exportacións, concentrando o 57,8% das exportacións galegas. Séguelle en importancia A Coruña, que despois dunha caída do 7%, acadou o 35,7% das exportacións de Galicia.

Ao igual que no caso das importacións, o ano 2007 rexistrou un descenso das vendas de produtos enerxéticos, cunha caída do 4,2%. Con todo, cómpre salientar que no último ano descendieron lixeiramente as exportacións dos produtos englobados no subsector de bens de consumo (4,2%). Os outros tres grandes sectores recollidos no **cadro 1.3.6.** experimentaron crecementos por riba do 10%, salientando a evolución seguida polos bens de equipamento, con case un 15% respecto ás vendas de 2006.

A importancia que o sector da automoción ten na comunidade galega queda reflectido no feito de que o subsector dos materiais de transporte representa o 46,3% das exportacións galegas (o sector de bens de equipamento abrangue o 52,6% do valor das exportacións). Asemade, hai que mencionar o comportamento das actividades dos téxtiles, que representan o 13,6% do valor total das exportacións galegas, e ao subsector de produtos agrícolas, que acolle o 12,2% das vendas (o conxunto do sector primario representa o 16,9% das vendas galegas).

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.**
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Exportacións 2007: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia e Portugal

Nº	Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	07/06	Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de €)	(%)	(%)	(en millóns de €)		
1	87	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	6.604,0	41,3	34,0	5.851,1	5.075,4	271,0
2	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.156,6	7,2	0,4	849,4	148,3	115,4
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	954,8	6,0	5,6	810,6	65,8	117,5
4	89	Navegación marítima ou fluvial	797,4	5,0	-48,9	74,8	8,6	62,3
5	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	733,6	4,6	5,5	546,7	82,2	188,2
6	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	725,1	4,5	24,9	208,4	62,1	18,4
7	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	415,1	2,6	-4,2	167,2	5,2	33,0
8	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	382,6	2,4	11,0	342,7	75,3	5,2
9	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	358,1	2,2	3,9	287,6	38,9	143,2
10	68	Manufacturas de pedra, yeso, amianto	328,0	2,1	2,3	296,2	104,5	15,0
Total dos principais capítulos			12.455,2	77,8	10,6	9.434,6	5.666,2	969,1
Resto			3.544,4	22,2	5,9	2.625,7	348,1	1.117,5
Total			15.999,6	100	9,5	12.060,3	6.014,4	2.086,6

Fonte: ICEX

1.3.8.

No concernte ao peso relativo no valor total das exportacións españolas, Galicia representa o 27,9% das vendas ao exterior de do sector téxtil español, fronte ao 17,6% do sector de materiais de transporte ou o 11,8% do subsector de materias primas.

Ao igual que no caso das importacións, o capítulo máis importante en canto ao importe das mesmas é o do “automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios”, que concentra máis do 40% das exportacións galegas. A continuación estarían os capítulos correspondentes á “prendas e complementos de vestir, agás os de punto”, que representa o 7,2% das vendas, e á “peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados”, co 6% do valor total das exportacións.

A Unión Europea concentra as tres cuartas partes do valor total das exportacións galegas (12.060,3 millóns de euros), sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 6.014,4 millóns de euros. Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.086,6 millóns de euros.

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da Unión Europea, **cadro 1.3.8.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 5.851,1 millóns de euros, o que representa o 48,5% das exportacións á UE. O segundo capítulo exportador, o capítulo 62 (prendas e complementos de vestir, agás os de punto), cun importe de 846,4 millóns de euros, representa tan só o 7% do total das vendas a eses países.

As exportacións a Francia concéntranse, como é lóxico, no capítulo 87, que acolle o 84,4% das vendas a ese país e máis das tres cuartas partes das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. No caso portugués, no ano 2007 este capítulo substitúe ao 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) como o máis importante en termos de valor, ao acoller o 13% das vendas galegas a Portugal.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

O ano 2007 caracterizouse polo novo descenso do volume de investimento directo estranxeiro en Galicia (50,6% respecto ao ano anterior), así como pola caída nun 15,6% do investimento galego no exterior.

Os datos do Registro de inversións españolas en el exterior reflicten que o investimento directo estranxeiro (IDE) en Galicia ao longo do último ano reduciuse practicamente á metade do realizado en 2006, acadando un total de 47,5 millóns de euros. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia acolle o 0,2% do IDE en España, sendo

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2006-07

	2006		2007		07/06		
	Total	UE-27	Total	UE - 27			
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(en millóns de €)	(%)	(%)	
Andalucía	239,0	2,5	188,3	229,6	0,8	136,2	-4,0
Aragón	91,4	0,9	88,4	207,0	0,7	205,3	126,6
Asturias	32,6	0,3	30,4	8,3	0,0	4,6	-74,5
Baleares	116,5	1,2	71,5	132,9	0,5	83,8	14,1
Canarias	40,8	0,4	13,9	122,0	0,4	112,5	199,1
Cantabria	4,5	0,0	4,1	10,0	0,0	10,0	123,9
Castela e León	35,7	0,4	29,3	23,0	0,1	14,4	-35,6
Castela-A Mancha	250,6	2,6	237,7	22,0	0,1	21,4	-91,2
Cataluña	2.577,5	26,4	2.358,3	2.521,4	8,7	1.678,2	-2,2
C. Valenciana	162,6	1,7	133,5	1.729,1	6,0	1.717,6	963,4
Estremadura	3,9	0,0	1,3	3,7	0,0	1,2	-7,2
Galicia	96,1	1,0	14,0	47,5	0,2	33,7	-50,6
Madrid	4.150,8	42,6	3.430,8	22.242,6	77,1	21.669,0	435,9
Murcia	113,3	1,2	106,3	39,8	0,1	39,0	-64,9
Navarra	136,5	1,4	119,5	9,6	0,0	9,4	-92,9
País Vasco	304,1	3,1	259,1	1.329,7	4,6	1.318,7	337,3
A Rioxa	0,5	0,0	0,5	2,8	0,0	2,3	426,2
Ceuta-Melilla	8,9	0,1	8,6	2,6	0,0	-	-70,8
Sen asignar	1.385,6	-	1.366,5	165,3	0,6	144,8	-88,1
Total	9.751,1	100	8.462,2	28.849,1	100	27.202,2	195,9

Fonte: Dirección General de Comercio e Inversiones

1.3.9.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2007: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España	
	2007	2007	2007	2007	2006	2007
	(en millóns de €)	(% / total)	(en millóns de €)	(% / total)	(%)	
Sector primario	18,1	38,0	58,3	0,2	12,5	31,0
Agricultura, gandería e caza	6,6	13,9	43,3	0,1	12,6	15,3
Selvicultura e explotación forestal	-	-	0,8	0,0	-	-
Pesca e acuicultura	11,5	24,2	14,2	0,0	15,1	80,8
Industria	11,3	23,8	21.719,7	75,3	3,4	0,1
Produc., distribuc. eléctrica, gas e auga	2,5	5,2	18.195,3	63,1	-	0,0
Ind. extractiva, refino petróleo	-	-	28,5	0,1	-	-
Alimentación, bebidas e tabaco	0,0	0,0	676,4	2,3	0,1	0,0
Ind. téxtil e da confección	1,5	3,2	18,9	0,1	0,0	7,9
Ind. papel, edición e artes gráficas	0,0	0,0	500,3	1,7	0,2	0,0
Ind. química e transformación caucho e plásticos	0,1	0,2	961,7	3,3	14,6	0,0
Outras manufacturas	7,2	15,2	1.338,5	4,6	0,3	0,5
Construción	6,4	13,4	1.384,4	4,8	0,0	0,5
Servizos	11,7	24,7	5.686,7	19,7	0,1	0,2
Comercio	1,4	2,9	448,6	1,6	0,4	0,3
Hostalería	0,0	0,1	332,1	1,2	0,0	0,0
Transporte e comunicacións	0,1	0,3	666,5	2,3	0,0	0,0
Intermediación financeira, banca e seguro	7,6	16,0	1.906,4	6,6	0,0	0,4
Actividades informáticas	0,8	1,8	1.317,6	4,6	0,2	0,1
I+D	1,1	2,4	101,2	0,4	0,1	1,1
Actividades Inmobiliarias e servizos	-	-	4,1	0,0	90,6	-
Outros	0,6	1,3	910,2	3,2	0,0	0,1
Total	47,5	100	28.849,1	100	1,0	0,2

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

1.3.10.

a novena comunidade autónoma con maior investimento por detrás de Madrid, que por mor da compra de Endesa por parte da italiana Enel multiplicou por máis de cinco o IDE nesa comunidade, Cataluña, a C. Valenciana, País Vasco, Andalucía, Aragón, Baleares e Canarias (**cadro 1.3.9.**).

A UE-27 é a responsable do 71% do investimento estranxeiro en Galicia no último ano (33,7 millóns de euros), porcentaxe moi inferior á do conxunto do Estado, que foi do 94,3%. As empresas de Portugal, Reino Unido e Países Baixos foron as principais investidoras en Galicia, con 13,1, 8,0 e 3,1 millóns de euros, respectivamente. Fóra da UE, o principal investidor foi Panamá, cun volume de investimento de 2,5 millóns de euros.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Investimento das CC.AA. no exterior 2006-07

	2006		2007		07/06		
	Total (en millóns de €)	(%)	UE-27 (en millóns de €)	Total (en millóns de €)	UE-27 (en millóns de €)	(%)	
Andalucía	421,2	0,7	217,1	398,4	0,5	93,4	-5,4
Aragón	78,7	0,1	76,0	149,7	0,2	10,2	90,2
Asturias	120,4	0,2	73,2	13,5	0,0	0,3	-88,8
Baleares	382,3	0,6	162,0	1.319,3	1,6	1.312,5	245,1
Canarias	69,1	0,1	20,0	3,4	0,0	0,1	-95,1
Cantabria	4.573,4	7,7	1.336,9	21.206,6	26,4	20.444,0	363,7
Castela e León	29,0	0,0	21,5	51,3	0,1	32,5	76,7
Castela-A Mancha	9,3	0,0	5,5	134,6	0,2	45,3	1.343,1
Cataluña	5.882,9	9,9	4.916,1	6.634,9	8,3	4.396,9	12,8
C. Valenciana	116,7	0,2	79,2	384,5	0,5	323,0	229,6
Extremadura	10,2	0,0	3,8	129,1	0,2	128,2	1.163,1
Galicia	1.086,2	1,8	690,9	919,6	1,1	324,2	-15,3
Madrid	43.734,2	73,6	40.280,3	20.624,2	25,7	16.560,9	-52,8
Murcia	143,1	0,2	142,0	104,3	0,1	72,8	-27,1
Navarra	206,5	0,3	26,0	11,7	0,0	6,8	-94,3
País Vasco	2.550,8	4,3	671,0	28.166,5	35,1	18.004,6	1.004,2
A Rioxa	4,3	0,0	0,0	0,7	0,0	0,1	-84,2
Total	59.418,3	100	48.721,7	80.252,3	100	62.655,7	35,1

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

1.3.11.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2007: distribución segundo actividade económica

	Galicia 2007		España 2007		Galicia / España 2006 2007	
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)	(%)
Sector primario	130,0	14,1	192,7	0,2	67,9	67,5
Agricultura, gandería e caza	0,6	0,1	60,5	0,1	-	1,1
Selvicultura e explotación forestal	-	-	2,8	0,0	-	-
Pesca e acuicultura	129,4	14,1	129,4	0,2	98,3	100,0
Industria	293,4	31,9	28.711,5	35,8	1,1	1,0
Produc., Distribuc. eléctrica, gas e auga	-	-	20.800,2	25,9	0,0	-
Ind. extractiva, refino petróleo	-	-	118,9	0,1	-	-
Alimentación, bebidas e tabaco	-	-	1.236,7	1,5	0,5	-
Ind. téxtil e da confección	0,0	0,0	41,4	0,1	1,3	0,0
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	64,2	0,1	-	-
Ind. química e transformación caucho e plásticos	1,0	0,1	1.357,8	1,7	3,4	0,1
Outras manufacturas	292,4	31,8	5.092,4	6,3	2,0	5,7
Construción	23,1	2,5	1.667,1	2,1	0,4	1,4
Servizos	473,0	51,4	49.681,0	61,9	1,8	1,0
Comercio	298,2	32,4	1.576,1	2,0	35,1	18,9
Hostalería	73,8	8,0	891,5	1,1	0,2	8,3
Transporte e comunicacións	0,1	0,0	4.270,3	5,3	0,0	0,0
Intermediación financeira, banca e seguro	55,3	6,0	40.599,8	50,6	0,4	0,1
Actividades inmobiliarias	44,7	4,9	1.616,5	2,0	5,9	2,8
Actividades informáticas	-	-	112,9	0,1	-	-
I+D	-	-	12,0	0,0	-	-
Outros	0,9	0,1	602	0,8	2,7	0,1
Total	919,6	100	80.252,3	100	1,8	1,1

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

1.3.12.

O investimento estranxeiro dirixiuse fundamentalmente ás actividades pesqueiras e acuícolas, con 11,5 millóns de euros, ás actividades de seguros e plans de pensións, agás a Seguridade Social, con 7,0 millóns, e as de agricultura, gandería e caza e construción, con 6,6 e 6,4 millóns de euros, respectivamente. Atendendo ao peso relativo no total estatal, cómpre mencionar a importancia do investimento nas actividades pesqueiras e acuícolas en Galicia, que acollen o 80,8% do IDE en España, e no sector agrogandeiro, que abrangue o 15,3% do IDE.

A diferenza do acontecido en 2006, o investimento galego no exterior descendeu no último ano un 15,3% para situarse nos 919,6 millóns de euros. Galicia sitúase coma a sexta comunidade que máis inviste no estranxeiro tras o País Vasco, Cantabria, Madrid, Baleares e Cataluña. Tendo en conta o incremento do 35,1% do investimento español no

Resumo das actuacións do Plan FOEXGA 2007

Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras
		(en €)		
Misións comerciais directas	40	1.287.409,05	525.518,75	444.333,28
Misións comerciais inversas	14	247.015,56	147.358,05	-
Promocións	3	213.099,37	59.593,76	100.602,74
Misións de estudos	1	122.850,23	53.394,14	31.948,88
Encontros empresariais	5	38.367,68	17.741,83	5.768,03
Feiras internacionais	49	1.123.940,41	352.893,13	476.242,99
Bolseiros no exterior	23	562.574,21	281.287,09	-
Outras accións	39	319.318,62	190.778,55	-
Total	174	3.914.575,13	1.628.565,30	1.058.895,92

Fonte: Dirección Xeral de Comercio e Consumo

1.3.13.

estranxeiro, **cadro 1.3.11.**, o peso relativo do investimento galego descendeu ata o 1,1% (o 1,8% do investimento estatal en 2006).

O conxunto dos países da Unión Europea é o principal destino do investimento galego, co 35,3% do investimento total. Italia, Francia e Alemaña son os principais destinos e xuntos acollen o 70% do investimento na UE. Fóra da Unión, salienta o investimento en Estados Unidos, que recibe a quinta parte do total investido.

As tres ramas de actividade máis importantes en canto ao volume se refire foron as relacionadas co comercio (basicamente comercio polo miúdo, agás vehículos de motor), fabricación doutros produtos minerais non metálicos e a pesca e acuicultura, que concentran máis das tres cuartas partes do investimento galego. Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia relativa da actividade pesqueira e acuícola, que abrangue a totalidade do investimento realizado polas empresas españolas no estranxeiro en 2007, así como a do subsector do comercio, co 18,9%.

Plan de Fomento das Exportacións Galegas

Ao longo do último ano volveu reducirse o investimento dedicado ás actuacións que se realizan dentro do FOEXGA, se ben se mantén practicamente constante o número total de actuacións, que abranguen tanto o ámbito da promoción, como o da información e formación en comercio exterior. Nas 174 accións levadas a cabo no último ano, **cadro 1.3.13.**, investíronse un total de 3.914,6 miles de euros (9,6% menos que en 2006), dos que o 41,6% foi aportado pola Xunta, e un 31,3% e un 27,1%, polas Cámaras de Comercio e as empresas, respectivamente.

En 2007 acentúase a concentración das actuacións en Europa, onde se dirixen o 60,3% (oito puntos máis que no ano anterior), fronte ao 14% que vai aos países de América do Norte e Central e o 12,5% aos países asiáticos. Os países de África e de América do Sur reciben o 6,6% e o 5,2% das accións "Foexga 2006", respectivamente.

As accións máis importantes no que atinxe ao número de actuacións, investimento e empresas participantes, seguen sendo as correspondentes ás misións comerciais directas e ás feiras internacionais. En conxunto, estas dúas accións acollen máis da metade das accións totais realizadas e case as dúas terceiras partes do investimento total.

Nas 40 misións comerciais directas realizadas en 2007, a meirande parte das mesmas de carácter multisectorial ou plurisectorial, participaron un total de 499 empresas. O investimento total ascendeu a 1.287,4 miles de euros, e a diferenza do acontecido no caso das feiras internacionais, a Xunta é o principal investidor, con 525,5 miles de euros.

Respecto ás participacións e visitas a feiras internacionais, o número de realizacións ascendeu a 49, das que 32 corresponderon a visitas a feiras organizadas e 17 a participacións empresariais en feiras. O investimento total ascendeu a 1,123,9 miles de euros, dos

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

que as empresas aportaron 476,2 miles de euros. O número total de empresas participantes ascendeu a 417, das que 323 corresponden a visitas a feiras internacionais e 94, a participacións en feiras. ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.